



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Carlos Pereira Martínez

[Ramón Nicolás 24 marzo 2014](#)

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2014/03/24/cuestionario-proust-carlos-pereira-martinez/>

1.– Principal trazo do seu carácter?

-Considérome unha persoa honesta e con moita curiosidade intelectual.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A honestidade e a humildade.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Ás amizades non lles pido nada.

4.– A súa principal eiva?

-A dispersión, certa desorde e as típicas arroutadas de xenio dos Aries.

5.– A súa ocupación favorita?

– Ler, debuxar, investigar, escoitar música. A masonería.

6.– O seu ideal de felicidade?

-Unha xubilación con saúde e activa culturalmente, na compañía da muller que amo e coas fillas coa vida encamiñada.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-A morte das miñas fillas.

8.– Que lle gustaría ser?

-Ademais de historiador, que xa me enche, concertista de piano (unha utopía, vamos).

9.– En que país desexaría vivir?

-Onde vivo, Galicia, con algunha escapada a Uruguay, onde nacín.

10.– A súa cor favorita?

– O vermello.

11. – A flor que máis lle gusta?

– A rosa.

12.– O paxaro que prefire?

-A rula.

13.– A súa devoción na prosa?

– Mark Twain, Gabriel García Márquez, Juan Carlos Onetti, Mario Benedetti, Philip Roth, Amos Oz, Antón Riveiro Coello...

14.– E na poesía?

– A Xeración do 27, Antonio Gamoneda, José Ángel Valente, Pessoa, a xeración dos 80 de Galicia, Pilar Pallarés, Eva Veiga, Olga Novo...

15.- Un libro?

–*Pedro Páramo*, de Juan Rulfo, *El Aleph*, de Jorge Luis Borges, *La tregua*, de Mario Benedetti, *The Road*, de Cormac McCarthy, *As regras de Bakunin*, de Antón Riveiro Coello.

16.– Un heroe de ficción?

– Os de territorios de fronteira: Hiram Abif, Parsifal, Don Quixote, Martín Fierro...

17.– Unha heroína?

– Isis, Antígona, Leonora...

18.– A súa música favorita?

– A clásica: nela, sobre todas as cousas, Beethoven. Logo Bach, Bartok, Shostakovich...
Puntualmente, para evocar a mocidade, Hendrix, Bob Marley, Dylan..

19.– Na pintura?

– O Bosco, Velázquez, Goya, Blake, os surrealistas europeos, Luís Seoane, Alfonso Costa, Manuel Ayaso.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

– José Gervasio Artigas, Garibaldi, Gandhi...; as mulleres que defenderon a Coruña en 1589 (María Pita, Inés de Ben...), María Deraismes, miña nai.

21.– O seu nome favorito?

– Isis e Cloe, os das miñas fillas. Para home, Ares.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-A hipocrisía e a fachenda.

23.– O que máis odia?

-Todo o que teña relación co fascismo.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– Todos os tiranos mesiánicos e xenocidas, de calquera cor (Hitler, Franco, Stalin, Pol Pot...).

25.– Un feito militar que admire?

– As guerras de emancipación americanas.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-Poder dominar moitas linguas.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Durmindo.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-Con ganas de facer cousas e resistindo (non sempre) á tentación da preguiza.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-Todos os que non nos firan.

30.– Un lema na súa vida?

-Pasiño a pasiño faise camiño.